

Proposta de tarefa para Plástica. 1º de ESO

Crea un cómic.

Tempo de traballo variable, segundo as vosas preferencias, **entre 2 e 10 horas**

Data límite de entrega venres **3 de Abril**

Enviar imaxe escaneada ou foto do traballo a : germangonzalezpintos@gmail.com



Estes días que vivimos, onde temos que estar encerrados en casa, poden ser unha oportunidade para que descubramos algo novo de nós, no meu caso manterme ocupado en tarefas creativas fai que o tempo pase máis rápido, seguramente vos pasou máis dunha vez en clase de plástica. A creatividade é unha válvula de escape e moitas veces axúdanos a sentirnos mellor con nos mesmos, así que a miña proposta para estes días é a elaboración dunha historia en imaxes, o que coñecemos como tebeo, cómic ou novela gráfica.

Unha boa forma de empezar sería documentarse sobre o tema, como se orixinaron esas historias, os que foron ou son os seus máximos expoñentes, que importancia teñen na sociedade, que tipos de estilos hai, tipos de viñetas, as onomatopeias. Esta documentación previa pódenos axudar a enfocar mellor a tarefa e darnos ideas.

A proposta que vos fago é que vos inspiredes, se queredes, nos acontecementos que estamos a vivir, unha situación tan anómala como o illamento social, que podería funcionar como eixo en torno ao cal articular a historia.

CORENTENA, CRISE, VIRUS, EPIDEMIA son palabras que ben poderían ser o título dun bo cómic de suspense ou aventuras. Isto non quere dicir que o enfoque teña que ser dramático, pódense facer historias cargadas de humor ou de tenrura, que leven por título **AMIZADE, APLAUSOS, A MIÑA FORMA NO SOFÁ** ou **DIRECTO DE INSTAGRAM**, estas son algunhas das miñas ideas que non tedes por que seguir, pero se vos axudan, utilizádeas.

Así que, se queredes, aquí déixovos a proposta, estou seguro de que se o tentades saíran unha chea de boas historias que logo poderemos poñer en común. O traballo pode ocupar o que queirades, a cara dun folio, un par de folios, ou 10 folios se é que a historia o necesita, e a técnica será libre, pode ser a cor ou en branco e negro, pero debe estar rotulado, e dicir, a liña dos personaxes e os textos deben de estar repasados en rotulador negro.

Unha aperta, e vémonos polo cole.

Germán